

RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NO PROGRAMA PARA MAIORES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022.

En virtude dos acordos tomados na reunión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo realizada o 23 de xuño de 2015 e as competencias conferidas polos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 22 de febreiro de 2019), esta reitoría **RESOLVE**:

Publicar a convocatoria de inscrición e matrícula no Programa para Maiores da Universidade de Vigo para o curso académico 2021/2022, suxeita ás seguintes normas:

Primeira: CICLO INTENSIVO Titulado Universitario/a en Cultura e Sociedade

1.- INSCRIPCIÓN NO CICLO INTENSIVO

1.1.-Solicitantes

Poderán solicitar a inscrición no ciclo intensivo da titulación “titulado universitario en Cultura e Sociedade” as persoas con idade igual ou superior a 55 anos. O número máximo de alumnado que poderá ser admitido no primeiro curso será de 30 persoas en cada un dos campus. Non é preciso ter ningunha titulación previa.

Se a demanda supera a oferta de prazas o sistema de selección será por orde de inscrición. En caso de que quedasen prazas sen cubrir, poderase admitir alumnado con idades inferiores a 55 anos, pero en ningún caso inferior a 50 anos.

A idade mínima dos 55 ou 50 anos aplicarase na data de finalización do prazo de inscrición.

1.2 .-Procedemento de inscrición

Formalizarse online, a través do enlace <https://matricula.uvigo.es/loginX/login.asp>, no prazo establecido.

Rematado o proceso, publicarase a resolución da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión e a listaxe de agarda. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución da listaxe definitiva.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro electrónico e na páxina web da Universidade de Vigo.

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.



1.3.- Documentación para a inscrición no ciclo intensivo

- Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) ou documento de identificación de estranxeiros (NIE).

Realizada a inscrición, o alumnado deberá presentar o DNI/NIE antes de rematalo prazo de inscrición.

1.4.- Prazo de inscrición no ciclo intensivo:

O prazo de inscrición é dende o 12 de xullo ás 9:00 ata o 21 de xullo de 2021 ás 14:00.

1.5. - Inscrición online

A inscrición será formalizada online, podendo achegarse os seguintes lugares, onde terá o apoio necesario para que o alumnado realice a súa propia inscrición:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Negociado de xestión do programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos)
(de 9:00 a 14:00)

2.- MATRÍCULA NO CICLO INTENSIVO

2.1.- Prazos de matrícula no ciclo intensivo

A matrícula está dirixida a todo o alumnado do ciclo intensivo tanto si é de novo ingreso como si xa gozase de matrícula en cursos anteriores e continúen os seus estudos neste curso académico: O prazo de matrícula para o alumnado de **novo ingreso** é dende o 13 ata 17 de setembro de 2021 e para o alumnado matriculado **en anos anteriores** é do 20 ao 27 de setembro de 2021.

Tamén nesta última quenda poderá matricularse o estudantado que xa rematase o ciclo intensivo “Universitario Sénior” e queira continuar no novo título “Universitario en Cultura e Sociedade”.

Esta matrícula formalizarase nos lugares que se indican no apartado 2.4.

2.2.- Formalización da matrícula

Para os que se matriculen no ciclo intensivo “Titulado Universitario en Cultura e Sociedade” deberán matricularse dun mínimo de 9 créditos ECTS e dun máximo de 15 créditos ECTS por curso académico.

Os impresos poden descargarse da web a través do enlace: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.



No caso de non acadarse o mínimo establecido polos coordinadores Campus nalgunha das materias, o Coordinador Xeral do Programa Universitario de Maiores poderá tomar a decisión de suspender a impartición da mesma. Neste caso, procederíase a informar ao alumnado afectado dándolle a posibilidade de matricularse noutra materia, sempre que tivese prazas dispoñibles, ou a solicitude de devolución do importe aboado pola materia anulada.

Ao remate deste proceso, de non cubrirse todas as prazas de novo ingreso, as persoas que estean interesadas no acceso ao Programa de maiores no ciclo intensivo poderán realizar a inscrición online e unha vez comprobados os requisitos se lle indicará o prazo para formalizar a matrícula. Este procedemento realizarase ata cubrir as prazas vacantes e como máximo ata o **22 de outubro de 2021 (incluído)**.

2.3.- Documentación para a matrícula no ciclo intensivo

- Impresos de solicitude de matrícula, datos persoais debidamente cubertos e asinados.
- O número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria.
- No caso de pagamento por domiciliación debe presentar autorización de documento SEPA coa sinatura orixinal da persoa titular da conta, no momento de realización da matrícula.

2.4. - Lugares de matriculación para os alumnos do ciclo intensivo

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Negociado de xestión do programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)



Segunda: CICLO INTEGRADO – Universitario Superior Sénior

1.- INSCRIPCIÓN NO CICLO INTEGRADO

1.1.- Solicitantes para a inscrición no ciclo integrado

Poderán solicitar a inscrición no ciclo integrado da titulación “universitario/a superior sénior” as persoas que teñan superado o ciclo intensivo (titulado/a universitario/a sénior ou Graduado/a universitario/a sénior ou aquelas persoas que estean en posesión de calquera outra titulación oficial universitaria e teñan unha idade igual ou superior a 50 anos.

A idade mínima de 50 anos aplicarase na data de finalización do prazo de inscrición.

1.2.- Procedemento de inscrición

Formalizarase online, a través do enlace <https://matricula.uvigo.es/loginX/login.asp>, no prazo establecido.

As persoas que cumpran os requisitos serán admitidos automaticamente.

1.3.- Documentación para a inscrición no ciclo integrado

- Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI), ou documento de identificación de estranxeiros (NIE).
- Fotocopia da titulación oficial universitaria (se o acceso fose por esta opción).

Realizada a inscrición, o alumnado deberá presentar o DNI/NIE e a fotocopia da titulación oficial universitaria (se esta opción é o seu acceso) antes de rematalo prazo de inscrición.

1.4.- Prazo de inscrición no ciclo integrado:

O prazo de inscrición é dende o 12 de xullo ás 09:00 ata o 21 de xullo de 2021 ás 14:00.

1.5. -Inscrición online

A inscrición será formalizada online, podendo achegarse aos seguintes lugares, onde terá o apoio necesario para que o alumnado realice a súa propia inscrición:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Negociado de xestión do programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)



2.- MATRÍCULA NO CICLO INTEGRADO

2.1.- Prazo de matrícula no ciclo integrado

Poderá matricularse o alumnado que realizase a inscrición e fose admitido no ciclo integrado e ademais o alumnado que xa gozase de matrícula en cursos anteriores e continúe os seus estudos neste curso académico, ou que xa rematase o ciclo integrado e queira seguir neste ciclo en materias soltas non superadas.

O prazo de matrícula é dende o 6 ata o 10 de setembro de 2021.

A matrícula formalizarase nos lugares que se indican no apartado 2.4.

2.2.- Formalización da matrícula

Poderán formalizar a matrícula no ciclo integrado da titulación “**universitario/a superior sénior**” as persoas que previamente realizasen a inscrición e fosen admitidos no Programa para maiores, así como o estudantado que xa gozase de matrícula en cursos anteriores e lle resten créditos para completar o ciclo.

O alumnado do ciclo integrado poderase matricular nun máximo de 18 créditos ECTS cada curso académico.

Os impresos poden descargarse da web a través do enlace: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.

Ao remate deste proceso, as persoas que estean interesadas no acceso ao Programa de maiores no ciclo integrado poderán realizar a inscrición online e unha vez comprobados os requisitos se lle indicará o prazo para formalizar a matrícula.

Este procedemento realizarase dende o 28 ao 30 de setembro de 2021 (incluído).

2.3.- Documentación para a matrícula no ciclo integrado.

- Impresos de solicitude de matrícula, datos persoais e o número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria debidamente cubertos e asinados.
- O número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria.
- No caso de pagamento por domiciliación debe presentar autorización de documento SEPA coa sinatura orixinal da persoa titular da conta, no momento de realización da matrícula.



2.4.-Lugares de matriculación

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Negociado de xestión do programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

Terceira: PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA – Para ciclo intensivo e integrado

Na Universidade de Vigo non existe o trámite de reserva de praza, polo que a matrícula quedar
formalizada dende o momento no que se complete o proceso e se xere a folia de liquidación,
independentemente de que se entregue ou non a documentación e de que os prezos públicos estean
ou non aboados.

A obriga ao pagamento dos prezos públicos nace no momento da formalización da matrícula.

O feito de non aboar os prezos públicos de obrigado pagamento non implica a anulación automática
da matrícula e suporá a desestimación de peticións tales como anulación total, modificación ou
calquera outra relativa ao expediente.

Co obxecto de facilitar a liquidación dos importes resultantes, poderá elixir entre as modalidades,
formas e prazos establecidos na norma sexta.

Cuarta: MODIFICACIÓN DA MATRÍCULA

Enténdese por modificación de matrícula, a ampliación, a anulación parcial e a substitución dunhas
materias por outras. En calquera modificación realizada é necesario manter a matrícula mínima e
máxima estipulada na presente convocatoria e na normativa aplicable ao Programa.

So se poderá realizar unha modificación de matrícula en cada prazo.

4.1.-Prazos de modificacións de matrícula

Ciclo Integrado

Do 28 ao 30 de setembro de 2021 para calquera materia.

Do 07 ao 11 de febreiro de 2022 para materias do 2º cuatrimestre.

Ciclo Intensivo

Do 13 ao 22 de outubro de 2021 para calquera materia

Do 14 ao 18 de febreiro de 2022 para materias do 2º cuatrimestre.



4.1.- Lugares para a realización da modificación de matrícula

Para a realización da modificación de matrícula ten que dirixirse aos seguintes lugares:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Negociado de xestión do programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

Quinta: ANULACIÓN TOTAL DA MATRÍCULA

O alumnado poderá solicitar a anulación total da súa matrícula no prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da formalización da matrícula, sempre que esa matrícula estea realizada dentro dos prazos ordinarios establecidos. Neste suposto o alumnado terá dereito á devolución segundo o que se indique nas *Normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias* da Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022.

Non procederá a anulación total da matrícula cando xa se concorre a algunha convocatoria de exames ou transcorre o prazo establecido nesta convocatoria, agás, cando de xeito excepcional, unha circunstancia sobrevida grave debidamente xustificada impida cursar os estudos.

O feito de conceder a anulación de matrícula cando se solicita fóra de prazo non eximirá en todos os casos da obriga do pagamento de prezos públicos, adquirida no momento da súa formalización.

5.1.-Lugares de presentación e tramitación de solicitudes

As solicitudes de anulación total, dirixidas ao Escola Aberta de Formación Permanente, presentaranse por calquera dos seguintes medios:

- Calquera dos rexistros da Universidade de Vigo.
- Por calquera outro previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes de anulación total serán resoltas polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e tramitaranse na Escola Aberta de Formación Permanente.

Sexta: PREZOS PÚBLICOS E MODALIDES DE PAGAMENTO



Para a xestión dos prezos asociados ao programa será de aplicación o disposto nas *Normas económicas derivadas da xestión académica* da Universidade de Vigo

6.1.- Prezos públicos.

1. Prezos por servizos académicos:
 - a. Matrícula curso completo no ciclo intensivo (15 créditos): 105 €
 - b. Matrícula de materias soltas no ciclo intensivo: 8 €/crédito
 - c. Matrícula curso completo no ciclo integrado (18 créditos): 125 €
 - d. Matrícula de materias soltas no ciclo integrado: 8 €/crédito

2. Prezos por servizos administrativos segundo o aprobado por decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia para o curso académico 2021/2022:
 - a. Apertura de expediente académico ao comezar os estudos.
 - b. Expedición e mantemento de tarxeta de identidade.
 - c. Documentación e soporte para a matrícula por internet.

É importante ter en conta que calquera modificación que se faga na matrícula xerará unha nova follla de liquidación que mostrará o novo resultado de cálculo dos prezos públicos.

6.2.- Modalidades de pagamento

O pagamento realizarase a través das seguintes formas:

- a Efectivo/tarxeta: aboarase o importe íntegro no prazo indicado na Folla de liquidación, a través das entidades bancarias colaboradoras coa UVigo: Abanca, Banco Santander, CaixaBank.
- b Domiciliación bancaria: no momento da matrícula deberá indicar o número de conta e presentar nos servizos administrativos a autorización de domiciliación bancaria de documento SEPA.

Non realizar o pagamento no prazo indicado na *Folla de liquidación ou que os recibos domiciliados resulten rexeitados pola entidade bancaria*, terá as consecuencias previstas no apartado de impagos das *Normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias* da Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022.

Será responsabilidade do estudante manter actualizados os datos bancarios, verificar que a conta onde domicilia o pagamento se atope operativa, que estea autorizado o cargo da domiciliación, e que a entidade bancaria efectúese o pagamento da matrícula, dadas as consecuencias que ocasiona a falta de pagamento establecidas nas *Normas económicas derivadas da xestión académica*.

Para calquera información sobre as datas de cargo e porcentaxes na domiciliación do pagamento da matrícula deberá consultar as *Normas Económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias* da Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022.



Sétima: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS

As reclamacións ou recursos interpostos polo estudiantado desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 26/05/2020 (DOG do 4 de xuño)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

(asinada dixitalmente)

Manuel Ramos Cabrer

